



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 29 de outubro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDE ALCALDESA EN FUNCIONS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 29 de outubro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 22/10/2018, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/4752

Dáse conta do convenio de cesión gratuíta por parte da **Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Pedro de Cea**, polo que cede ao Concello a seguinte parcela:

“VENTO: ubicada no lugar do mesmo nome, parroquia de San Pedro de Cea, Vilagarcía de Arousa, de 3,26 áreas de cabida lindando o sur co estrada e a leste e poñente con camiños; o norte acaba en punta. Corresponde coa parcela catastral 1659101NH2115N0001GK.

A duración da cesión será indefinida, sempre e cando se manteña a finalidade para a que se fixo, debendo destinar o terreo a ampliación de camiños, facendo mais sinxela a saída á vía principal, mudando de lugar a marquesiña do bus escolar e trasladándoa a un emprazamento máis seguro para os escolares, e revertendo a finca á Comunidade de Montes con tódalas súas construcións e equipamentos no caso de finalización por cambio de uso da parcela.

Así mesmo o Concello, unha vez realizado o cambio de titularidade no Catastro aboará o imposto sobre bens inmobles (IBI) ou calquera outro imposto ou taxa municipal de base territorial que grave a parcela obxecto da cesión.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión da parcela citada.

PRP2018/4753

Dáse conta de proposta da Policía Local con motivo dos últimos cambios de circulación na zona do mercado, propoñendo unha serie de actuacións inmediatas:

- Reforzar as quendas do condutor do guindastre e un policía, de 7:00 a 9:00 horas, debido a que ó aumento de vehículos a retirar da zona de mercado os martes e sábados.

- Colocar nos seguintes puntos sinais de prohibido estacionar coa lenda correspondente aos días de mercados e horarios:

- Avda. da Mariña, Glorieta de Conde Vallellano (Barrantes, antes da Peixería)
- Avda. Valle Inclán con Alexandre Bóveda, en ambas marxes.



- Colocación en tódolos accesos de vehículos á zona de mercado, de barreiras ou elementos fixos removibles ou retráctiles (tipo poste de sinal no que se poida colgar martes, sábados e días de mercado extraordinario un sinal de dirección prohibida, 'pilonas', balizas de encastrar, cadeas plásticas con postes fixos, etc), con algunha lenda (indicativa do peche da rúa por mercado) e sinal de dirección prohibida.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada proposta.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

PRP2018/4754

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa parada de bus que estaba situada na Avda. Doutor Tourón nº 3 (a carón de Praza de España) que foi trasladada ao seu novo emprazamento de Doutor Tourón con Rodrigo de mendoza, sendo retirada a sinalización vertical.

No lugar que ocupaba anteriormente continúa pintada a sinalización horizontal de parada BUS, que debe ser borrada e pintados os estacionamentos para evitar confusións aos usuarios da vía. Así mesmo a nova parada ten un tamaño insuficiente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

- Manter con sinalización vertical a parada de BUS de Praza de España.
- Ampliar a nova parada catro metros lineais.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

PRP2018/4755

Dáse conta do Prego de bases que rexerá a alleación de inmobles mediante subasta pública de 20 lotes propiedade do Estado Español – Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas. Fondo de Bens Decomisados por Tráfico ilícito de Drogas e outros Delitos Relacionados, entre os que se atopa:

Lote nº 13: M.C.A. 543/2016. Pontevedra (Vilagarcía de Arousa) Urbana: Terreo con casa de planta baixa e piso, coas súas cortes, galiñeiro e demais dependencias anexas e terreo unido chamado "Agro da Igrexa", situada na Avda. do Doutor Tourón nº 3. O terreo ten unha superficie de 663,75 m² e superficie edificada de 130 m². Linda: Fronte. Avda. Doutor Tourón; Dereita Rúa Fariña Ferreiro; Esquerda e Fondo Paseo Costa Candamo. Referencia catastral 945901NH1195N0001OG. Cun tipo da 1ª subasta de 170.047,00 €; Tipo da 2ª subasta 119.032,90 €; Importe da fianza. 17.004,70 €.

Segundo a cláusula 9.2 do Prego de bases as escrituras públicas de compravenda formalizaranse ante o Notario e na data que SEGIPSA notifique, seguindo as indicacións do propietario. Ditas escrituras se subscribirán entre o mellor postor de cada lote e o representante da Propiedade dos inmobles, antes do 31 de xaneiro de 2019 xunto co pago, salvo imprevistos por causa xustificada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e indicase que o Concello ten previsto participar na citada subasta, para o que será preciso dispoñer do importe da fianza de 17.004,70 € coa finalidade de optar á compra do ben.

PRP2018/4756

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Alumeado Público e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gasocentro Caldas SL** para o subministro de 4.000 litros de gasóleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 3.280,00 € (IVE incluído) (0,82 €/litro), con cargo á partida 32022103.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4757

Vsta a proposta do Enxeñeiro Xefe de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ozona Consulting SL** para o mantemento de vinte e cinco licenzas do sistema AaaS de seguridade para accesos externos, para o período de outubro de 2018 a setembro de 2019, por un importe total de 1.058,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4759

Dáse conta de informe da Policía Local comunicando a remisión á Xefatura Provincial de Tráfico de oficio, nos seguintes termos:

“Ante a reordenación do tráfico e antes de que se produza un sinistro é necesario, en función dos novos sentidos de circulación, a finalización da actual autorización complementaria para o tren turístico co actual itinerario.

As Rúas Arcebispo Lago e Conde Vellellano cambiaron o sentido de circulación e o paso pola Rúa Vista Alegre queda impedido pola colocación da regulación semaforica no paso de peóns a través do que o tren accedía á Rúa de preferencia peonil.

Por todo o exposto, solicítase o cambio de percorrido na autorización, mantendose as demais restriccións respecto dos horarios, etc.

Suxírese o seguinte:

Saída da Avda. da Mariña (única parada autorizada e sinalizada en vías urbanas), Avda. Rivero de Aguilar, Glorieta do Ramal (terceira saída), Avda. Rosalía de Castro (PO-548), Praza da Constitución, Avda. Juan Carlos I, San Roque, glorieta Porta Luz Salgada (N-640A, primeira incorporación), Avda. Rodrigo de mendoza (desvío á dereita antes da glorieta da Mariña Española), Avda. Doutor Tourón, Alejandro Cerecedo, Arcebispo Lago, Conde Vellellano e Avda. da Mariña, ata a parada de saída”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o cambio de percorrido para o tren turístico.

PRP2018/4760

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Rey Muñiz, en representación de **Asociación de Veciños Fonte da Coca**, solicitando a restauración do autobús que paraba na marquesiña de San Roque e que facilitaba o transporte de viaxeiros cara Carril, proveniente de Vilaxoán, eliminada este verán, sen previo aviso, e que progresivamente aumentaba os usuarios a pesar da pouca información que se tiña.

Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que non teñen coñecemento das modificacións nas liñas de transporte público urbano.

A Xunta de Goberno Local que da sabedora e acorda comunicarlle que se está redactando o Plan de Transporte da Xunta de Galicia e por parte deste Concello se lle pediu máis frecuencias para o transporte urbano, sendo a competencia neste asunto da Xunta de Galicia.

PRP2018/4761



Dáse conta da Memoria de actividades de educación viaria 2017-18, (dende agosto de 2017 a agosto de 2018), redactada polo Departamento de Educación Viaria da Policía Local. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4762

Dáse conta do escrito presentado por CD FINCAS SC, en representación de **Comunidade de Propietarios San Roque 34 Garaxes**, para que se proceda ao repintado da sinalización horizontal no vao permanente situado en Rúa San Roque nº 34.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa. Previamente á realización dos traballos de sinalización por parte da Comunidade de Propietarios, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

PRP2018/4763

Visto o acordo do Consello Reitor da **Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais**, propoñendo á Xunta de Goberno Local o prezo público para as actividades físico recreativas para nenos (Escola de psicomotricidade; Escola Multideportiva; Escola Deportiva de Base) e Actividades para adultos (Ximnasia de mantemento; Ximnasia funcional, Ximnasia acuática; Arerobic; Badminton; Ioga; Circuit Training; Tai-chi; Pilates; Estiramento e relaxión, incluídas no proxecto das actividades deportivas de inverno, curso 2018/19, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar un prezo público de 18,00 €/curso por participante, como cota de inscrición, conforme ao Acordo Regulador do citado prezo público nº 17 en vigor.

PRP2018/4764

Dáse conta de escrito de **D. Jacob Ventoso Leiro**, solicitando autorización e colaboración municipal para a realización da V Carreira Solidaria LADESOL, o día 24 de marzo de 2019.

Vista a resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo poñerse en contacto co Servizo Municipal de Obras, Policía Local, Protección Civil e Fundación de Deportes aos efectos oportunos, e axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberán contar con autorización da Autoridade Portuaria para o desenvolvemento da actividade e o control do tráfico na zona portuaria non aberta ao público.

PRP2018/4807

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Javier Fernández Aguin, en representación de **AREVA Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 3 de novembro, en horario de 10:00 a 14:00 horas para realización dun acto informativo, así como a colaboración municipal coa cesión de mesa e cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.



- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2018/4768

Dáse conta do Decreto 134/2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria polo que se determinan as seguintes festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, seguintes:

- 1 de xaneiro: Aninovo
 - 19 de marzo: Día de San Xosé
 - 18 de abril: Xoves Santo
 - 19 de abril: Venres Santo
 - 1 de maio: Festa do Traballo
 - 17 de maio: día das Letras Galegas
 - 25 de xullo : Santiago Apóstolo-Día Nacional de Galicia.
 - 15 de agosto: Asunción da Virxe
 - 12 de outubro: Festa Nacional de España
 - 1 de novembro: Todos os Santos
 - 6 de decembro: Día da Constitución
 - 25 de decembro: Nadal
- A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/4783

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigação a favor de **Bonecos Vilagarcía, S.L.**, polo importe de 32.067,18 € con cargo á partida 323.48007.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/4785

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para aprobar a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música, e visto o orzamento presentado por D **Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe de 1.258,40 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno



Local acorda adxudicar a D **Tygran Poghosyan Gharibyan** a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música no mes de novembro de 2018, co obxectivo de manter os instrumentos nunhas condicións óptimas de uso para o comezo do curso académico 2018-19, polo importe citado de 1.258,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22706.

PRP2018/4786

Dáse conta da Memoria de Actividades do Festival Internacional de Música Clásica clasclas 2018, co seguinte resultado económico:

- Gasto total: 64.521,62 €
- Ingresos 11.140,00 €

Dáse conta así mesmo do lanzamento do Festival Internacional de Música Clásica calscclas II para a edición 2019 a celebrar do 27 de xuño ao 6 de xullo de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4787

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o funcionamento da Escola Municipal de Musica, facendo constar:

Primeiro. A Escola Municipal de Música está a funcionar con total normalidade e co calendario previsto dende o 1 de xaneiro de 2018.

Segundo. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados imputables á situación subvencionada, referentes ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2018, son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE
Escola de música-edificios e outras construcións	20,32€
Escola de música-outros traballos empresas e profesionais-afinacións	1.309,00
Escola Música-gastos diversos	2.456,84
Escola música-enerxía eléctrica	1.690,68
Escola música-combustibles e carburantes	1.184,84
Escola música-serv. Telecomunicaciones	1.038,98
Escola música-salarios xaneiro-setembro	171.374,81
Escola música-seguros sociais xaneiro-setembro	54.815,69
TOTAL	233.864,16€

Sanidade

PRP2018/4793

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Bodegas Dinastía SL** para o subministro de vinagre concentrado de alcohol para o seu uso como herbicida ecolóxico nos corredores de acceso ás unidades de enterramento dos Cemiterios Municipais de Vilagarcía e Carril, por un importe total de 770,00 € (IVE e transporte incluído), con cargo á partida 164.22110.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2018/4791

Dáse conta da proposta da Concellería de Turismo en relación coa necesidade de reposición de 20 rodas con soporte para as vitrinas expositoras do Museo do Ferrocarril, e das ofertas presentadas, seguintes:

- Castromán SL, por importe de 638,80 € (IVE incluído)
- Sigaltec SL, por importe de 630,80 € (IVE incluído)

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o subministro de 20 rodas con soporte para as vitrinas expositoras do Museo do Ferrocarril a **Sigaltec SL** polo prezo de 630,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.213, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/4788

Dáse conta de informe da Directora da Área de Igualdade-CIM comunicando a recepción dunha invitación do Concello de Santiago de Compostela para que o Concello de Vilagarcía se una á campaña do 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, que están a desenvolver dende fai tres anos e que persegue conquistar a suma da maioría dos municipios da Comunidade Autónoma.

Vista a proposta da Concelleira Delegada da Área de igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda adherirse á campaña do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero: "En negro contra a violencia", e aprobar o orzamento da Empresa **UQUI CEBRA SL** para as tarefas de coordinación, estratexia, xestión de redes e deseño conxunto da campaña, por un importe total de 1.210,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Sanidade

PRP2018/4789

Dáse conta do convenio de colaboración asinado entre os Concellos de Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa para actividades de prevención de drogodependencias e outras condutas aditivas ao longo de 2018, polo que o Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias (SPAD) levará a cabo as actividades de prevención ao longo do ano 2018 nos citados Concellos segundo a programación establecida polo mesmo.

Os concellos aportará a esta programación as cantidades seguintes:

- Cambados: 7.150,00 €
- Meis: 2.000,00 €
- Ribadumia: 2.800,00 €
- Vilagarcía de Arousa: 7.800,00 €

As citadas cantidades ingresaranse na Tesourería Municipal de Vilagarcía de Arousa con anterioridade ao 31 de decembro de 2018.

A Xunta de Goberno Local préstalle a súa aprobación e acorda dar conta ao Negociado de Rendas para que proceda a liquidar aos concellos as cantidades que lles corresponden conforme ao convenio asinado.



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/4796

Vista a solicitude de D. Juan Carlos Santos López, en representación de **Asociación de Veciños O Piorno de Fontecarmoa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Magosto o vindeiro día 3 de novembro de 2018:

- Actuación da **Asociación Cultural Nós de Sobradelo** (Grupo de Gaitas) por un importe de 391,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/4797

Vista a solicitude de Dona M^a Rocio Enjo Carril, en representación da **Asociación de Pais Os Mecos**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, os días 11, 12, 13, 14, 15 e 16 de decembro de 2018, durante todo o día, para a celebración dun rastrillo benéfico, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal n^o 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/4798

Vista a solicitude de D. Xoán X. Mariño Rubio, en representación da **AA.VV. de Vilaxoán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 10 de novembro de 2018, a partir das 14 horas, para a representación da obra "A Tola de Sobrán", a cargo do Grupo "Maravilla Teatro", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal n^o 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.



Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

PRP2018/4799

Vista a solicitude de D. Alfredo Lima Hernández, en representación da **Compañía Colorito Colorata “Colorín y Colorada”** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón Principal do Auditorio Municipal o día 6 de novembro de 2018, en horario de 8:30 a 13:30 horas, con motivo da representación das obras “El Mono que quiso ser Mago” y “En busca de un planeta mejor”, dirixido a alumnos/as de distintos Colexios de Vilagarcía de Arousa, cun prezo de entrada de 3 € para cada un/ha dos/as asistentes e a recadación para a entidade solicitante.

Deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €

- Responsable de sala: 5 horas /estimativas, a 10,20 €/hora: 51,00 €

TOTAL: 315,70 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

PRP2018/4800

Vista a solicitude de d. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, como Director de **Cáritas Interparroquial** e en representación de **Cáritas Diocesana de Santiago**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 2 de decembro de 2018, en horario de 17:00 a 22:00 horas, para a celebración do XXI Festival de Panxoliñas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).



PRP2018/4801

Vista a solicitude de D. Daniel Vázquez Búa, en representación de **Motoclub VFM**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 15 de decembro de 2018, durante todo o día, con motivo dunha entrega de premios anual, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 244 butacas).

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/4802

Dáse conta dos testos do acordo da Comisión bilateral Celebrada o 26 de outubro de 2018, relativo ás áreas de Rexeneración e Renovación Urbana nos Núcleos de Vilaxoán, Carril e Casco Vello – Comunidade Autónoma de Galicia, Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, Anualidade 2018.

No citado acordo programase a rehabilitación de 4 vivendas en cada unha das áreas, coa seguinte desagregación:

- **Area de Rexeneración e Renovación Urbana no Núcleo de Vilaxoán:** rehabilitación 4 vivendas, cun importe total de 146.889,00 €, co seguinte financiamento:

- Ministerio de Fomento. 40.309,92 € (27,44 %)
- Comunidade Autónoma de Galicia: 14.688,90 € (10,00 %)
- Particulares. 91.890,18 € (62,56%)

- **Area de Rexeneración e Renovación Urbana no Núcleo de Carril:** rehabilitación 4 vivendas, cun importe total de 146.889,00 €, co seguinte financiamento:

- Ministerio de Fomento. 40.309,92 € (27,44 %)
- Comunidade Autónoma de Galicia: 14.688,90 € (10,00 %)
- Particulares. 91.890,18 € (62,56%)

- **Area de Rexeneración e Renovación Urbana 6º Casco Vello de Vilagarcía de Arousa:** rehabilitación 4 vivendas, cun importe total de 146.889,00 €, co seguinte financiamento:

- Ministerio de Fomento. 40.309,92 € (27,44 %)
- Comunidade Autónoma de Galicia: 14.688,90 € (10,00 %)
- Particulares. 91.890,18 € (62,56%)

O Concello de Vilagarcía de Arousa obrígase a dar cumprimento ao seguintes compromisos:

1. Aplicar as exencións do pagamento de licenzas e taxas municipais, de conformidade coas Ordenanzas Municipais.
2. Realizar todas as actuacións que sexan necesarias para a materialización do citado acordo
3. Publicar unha convocatoria no prazo de 4 meses dende a sinatura do acordo para a concesión das subvencións previstas.



A Xunta de Goberno local queda sabedora e que se dea conta á Xerencia de Urbanismo aos efectos de que procedan a publicar a citada convocatoria e levar a cabo a xestión das ARIS citadas.

PRP2018/4803

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos denominado “Dirección de obra da Reforma e Humanización da Praza da Independencia e un tramo da Rúa San Roque” a **ARKIPOLO SLP**, que será desenvolvida polo Arquitecto D. Leopoldo Ivorra Záenz-Díez, por un importe de 8.270,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.736,70 e, o que totaliza unha oferta de 10.006,70 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.

PRP2018/4804

Dáse conta de informe da Policía Local no que indica que o próximo mes de maio de 2019 remata o contrato de renting dos vehículos da Policía Local matrículas 2429JFJ, 2424JFJ e 2409JFJ, que son imprescindibles para o funcionamento do servizo, polo que resulta necesario o trámite dunha nova licitación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que polo Departamento de Contratación se realice unha nova licitación, con arreglo ás prescricións técnicas elaboradas polo Departamento da Policía Local.

PRP2018/4809

Polo enxeñeiro técnico ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa D. Óscar Álvarez González, redactouse o proxecto denominado “MELLORA DO CAMIÑO RURAL NA RÚA REAL EN CEA (DA R/ ANTUÍN Á R/ CARBALLOS”, e que foi aprobado por acordo da XGL de data 05 de febreiro de 2018.

Solicitouse cofinancimento á Axencia Galega de Desenvolvemento rural (AGADER), a través do Plan de mellora de Camiños Municipais 2018-2019 polo que se concedeu a este concello unha axuda de 49.713,94 euros desagregado do seguinte xeito: 47.813,94 euros para a obra civil e 1.900,00 euros para o control de calidade das obras.

Trátase dun contrato menor de servizos de acordo co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Solicitados orzamentos a tres empresas resultan as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta IVE excluído	IVE 21 %	Oferta (IVE engadido)
Eurotec Inspección, S.L.U	996,00 €	209,16 €	1.205,16 €
Estabiliza Geotecnica, S.L.	1.540,00 €	323,40 €	1.863,40 €
Renova Integral Services, S.L.	1.687,95 €	354,47 €	2.042,42 €

Visto o que antecede, resulta que a oferta máis vantaxosa para o Concello é a presentada por Eurotec Inspección, SLU, polo que a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar á empresa **EUROTEC INSPECCIÓN, SLU**(B94116688), o contrato menor de servizos para o Plan de Control de Calidade do investimento denominado “Mellora de camiño rural na Rúa Real en Cea (da R/ Antuín á R/ Carballos) por un importe de 996,00 € (IVE excluído) ao que lle corresponde un IVE (21%) de 209,16 €, o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 1.205,16 € con cargo á axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a través do Plan de mellora de Camiños Municipais 2018-2019.



ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/4811

Visto o informe de Intervención, acórdase o recoñecemento de obrigación a favor de GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A , polos importes e facturas que se relacionan, cun importe total de 25.498,64 €, con cargo ás partidas que se indican (Rel. F/2018/106):

Nº Rexistro Factura	Aplicación	Importe	Texto Libre	Documento
F/2018/628 2	2018 22100	165 277,68	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 26/06/2018 11,73 KW x 3.21994885 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007469086JF1	FE18321270031817
F/2018/628 3	2018 22100	453 279,89	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 26/06/2018 210,6 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000008824213MC1P Direccion PS DO EN	FE18321270031816
F/2018/628 4	2018 22100	334 81,00	TERMINO FIJO 09/06/2018 - 10/07/2018 32,00 DÍAS x 1,7825 EUR/DÍAS (CUPS ES0224050019044593QC Direccion PS MARIÑA.27 366	FE18321271490042
F/2018/628 5	2018 22100	161 189,70	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 05/06/2018 - 29/06/2018 139,39 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000008997669AX1P Direccion PS ESTA	FE18321270031835
F/2018/628 6	2018 22100	323 513,32	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 31/05/2018 - 26/06/2018 393,59 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000008871455NC1P Direccion PS ANGE	FE18321270031823
F/2018/628 7	2018 22100	320 325,82	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 05/06/2018 - 29/06/2018 247,59 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007233636BP1P Direccion PS LEIR	FE18321270031822
F/2018/628 8	2018 22103	920 115,05	TERMINO FIJO 09/06/2018 - 10/07/2018 32,00 DÍAS x 2,66188 EUR/DÍAS (CUPS ES0224050017041156BK Direccion PS RAVELLA, S/N	FE18321271490041
F/2018/628 9	2018 22100	165 56,25	POTENCIA ELEC. MODO 1 02/06/2018 - 02/07/2018 11,73 KW x 3.83887468 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007469016XY1	FE18321271396926
F/2018/629 0	2018 22100	2311 187,65	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 31/05/2018 - 26/06/2018 138,26 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007083646ER1P Direccion PS XOAN	FE18321270031819
F/2018/629 1	2018 22100	165 41,01	POTENCIA ELEC. MODO 1 31/05/2018 - 26/06/2018 9,775 KW x 3.34322251 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990637DS1	FE18321270031818
F/2018/629 5	2018 22103	2311 103,84	TERMINO FIJO 09/06/2018 - 10/07/2018 32,00 DÍAS x 2,66188 EUR/DÍAS (CUPS ES0224050037822355XF Direccion PS XOAN CARLOS	FE18321271490057
F/2018/629 6	2018 22100	161 675,63	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 05/06/2018 - 28/06/2018 522,64 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990594FH1P Direccion PS VALL	FE18321270031820
F/2018/629 9	2018 22100	334 2.545,63	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 1.973,83 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000008248311JS1P Direccion PS VI	FE18321272182138
F/2018/630 0	2018 22100	161 112,15	ALQUILER DE CONTADOR 05/06/2018 - 28/06/2018 1 UN x 9,35 EUR (CUPS ES0022000007151893EF1P Direccion PS VALLE INCLAN.45	FE18321270031821
F/2018/631 2	2018 22100	920 2.755,42	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 2.138,25 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000008193920VL1P Direccion PS RA	FE18321271407699
F/2018/631 3	2018 22100	165 601,71	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 462,79 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007368455PR1P Direccion PS FARI	FE18321270325434
F/2018/631 4	2018 22100	165 394,05	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 299,55 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007761325TP1P Direccion PS ROSA	FE18321270325437
F/2018/631 5	2018 22100	165 360,52	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 14,31 KW x 3.7148847 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007346748FY1P	FE18321270325438
F/2018/631 6	2018 22100	165 403,14	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 11,73 KW x 3.71526002 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990647XW1	FE18321270325436
F/2018/631 7	2018 22100	165 336,46	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 254,24 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990656XB1P Direccion PS GUME	FE18321270325435
F/2018/631 8	2018 22100	165 357,95	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 18,69 KW x 3.71535581 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007469090JB1	FE18321270325442
F/2018/631 9	2018 22100	165 553,56	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 424,93 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007119776MK1P Direccion PS LOPE	FE18321270325440
F/2018/632 0	2018 22100	165 465,75	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 355,89 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990622DT1P Direccion PS AGRO	FE18321270325441



F/2018/632 1	2018 22100	165	188,18	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 11,73 KW x 3.71526002 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990640DH1	FE18321270325439
F/2018/632 2	2018 22100	320	757,88	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 585,59 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007150221HZ1P Direccion PS ADOL	FE18321270230872
F/2018/632 3	2018 22100	165	388,77	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 14,85 KW x 3.71515152 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990660XS1	FE18321270230846
F/2018/632 4	2018 22100	165	352,64	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 13,425 KW x 3.71545624 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000008055760JC	FE18321270230863
F/2018/632 5	2018 22100	165	383,74	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 17,205 KW x 3.71519907 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007871406WB	FE18321270230864
F/2018/632 6	2018 22100	165	311,91	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 243,90261 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007515969GQ1P Direccion PS R	FE18321270230853
F/2018/632 7	2018 22100	320	835,78	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 646,84 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990705NZ1P Direccion PS XUNQ	FE18321270230855
F/2018/632 8	2018 22100	320	406,85	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 309,58 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007307352LD1P Direccion PS MARX	FE18321270230849
F/2018/632 9	2018 22100	165	588,89	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 12,325 KW x 3.71521298 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000008147605MA	FE18321270230848
F/2018/633 0	2018 22100	165	362,56	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 11,73 KW x 3.71526002 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990643DK1	FE18321270230861
F/2018/633 1	2018 22100	165	410,69	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 15,705 KW x 3.71537727 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990638DQ	FE18321270230844
F/2018/633 2	2018 22100	165	562,70	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 432,12 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990618PL1P Direccion PS ROME	FE18321270230854
F/2018/633 3	2018 22100	334	572,41	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 07/06/2018 - 03/07/2018 440,78 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990581FM1P Direccion PS ALCA	FE18321270230841
F/2018/633 4	2018 22100	165	445,34	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 339,79 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007291878JZ1P Direccion PS MARI	FE18321270230847
F/2018/633 5	2018 22100	165	473,82	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 23,265 KW x 3.71502257 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000008055827QH	FE18321270230845
F/2018/633 6	2018 22100	165	330,43	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 10,52 KW x 3.7148289 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990654XD1P	FE18321270230852
F/2018/633 7	2018 22100	165	292,75	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 10,43 KW x 3.71524449 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000008251756WX1	FE18321270230851
F/2018/633 8	2018 22100	165	262,07	POTENCIA ELEC. MODO 1 07/06/2018 - 02/07/2018 14,04 KW x 3.22008547 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007847716FB1	FE18321270230850
F/2018/634 0	2018 22100	320	399,49	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 303,81 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990708NV1P Direccion PS DO C	FE18321270230870
F/2018/634 1	2018 22100	165	265,87	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 12,325 KW x 3.71521298 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007775645RE	FE18321270230862
F/2018/634 2	2018 22100	165	280,44	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 11,73 KW x 3.71526002 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990678BX1	FE18321270230843
F/2018/634 3	2018 22100	165	306,26	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 10,44 KW x 3.71551724 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007614580ZA1	FE18321270230842
F/2018/634 4	2018 22100	165	315,25	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 12,435 KW x 3.71531966 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000008251561QE	FE18321270230840
F/2018/634 5	2018 22100	165	371,78	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 02/07/2018 11,73 KW x 3.96248934 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007230575QY1	FE18321270759935
F/2018/634 6	2018 22100	135	179,98	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 22/05/2018 - 31/05/2018 138,07 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007966182YG1P Direccion PS AGUS	FE18321269777477
F/2018/634 7	2018 22100	320	289,12	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 22/05/2018 - 31/05/2018 223,88 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990697NY1P Direccion PS XUNQ	FE18321269777464
F/2018/634 8	2018 22100	165	316,44	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 17/05/2018 - 31/05/2018 243,4 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990631DD1P Direccion PS JULIO	FE18321269777461



F/2018/6350	2018 22100	161	350,84	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 17/05/2018 - 04/06/2018 269,32 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000008648013GT1P Direccion PS VALL	FE18321269777463
F/2018/6353	2018 22100	320	410,95	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 312,82 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000004990711NC1P Direccion PS CULT	FE18321270230860
F/2018/6354	2018 22100	165	308,78	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 10,74 KW x 3.7150838 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000007364604RZ1P	FE18321270230856
F/2018/6356	2018 22100	334	375,11	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 17/05/2018 - 05/06/2018 288,06 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000008802745SB1P Direccion PS PREG	FE18321269777462
F/2018/6357	2018 22100	161	955,25	IMPUESTO SOBRE ELECTRICIDAD 01/06/2018 - 30/06/2018 740,76 EUR x 0,05113 (CUPS ES0022000007663234JN1P Direccion PS CURV	FE18321270230858
F/2018/6358	2018 22100	165	311,82	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 11,955 KW x 3.7147637 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990648XA1	FE18321270230857
F/2018/6359	2018 22100	165	400,67	POTENCIA ELEC. MODO 1 01/06/2018 - 30/06/2018 13,65 KW x 3.71501832 DÍAS x 0,00000 EUR/DÍAS (CUPS ES0022000004990646XR1	FE18321270230859
TOTAL			25.498,64		

PRP2018/4812

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de setembro de 2018, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

PRP2018/4813

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de setembro de 2018, por un importe total de 4.180,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	110	660,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	6	110	660,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	5	110	550,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	2	110	220,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	2	110	220,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	1	110	110,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	2	110	220,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220,00



DONA MARIA MOSQUERA LEAL	2	110	220,00
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	1	110	110,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	2	110	220,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
TOTAL			4.180,00

PRP2018/4814

Dáse conta de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, en autos do Procedemento Abreviado nº 73/2017, que estima o recurso contencioso administrativo interposto por **D. Jose Antonio Alonso Pérez**.

Tendo en conta que a citada Sentenza é firme e que no seu fallo condena ao Concello ao aboamento da cantidade de 242,00 €, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: proceder á execución da sentenza número 192/17 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 1 de Pontevedra, coa data de 4 de outubro de 2018.

SEGUNDO: aprobar o recoñecemento de obrigación a favor de do Xulgado Contencioso nº1 de Pontevedra por importe de 242,00€ polas costas de execución de títulos xudiciais 20/2018 do procedemento abreviado 73/2017.

PRP2018/4815

Visto o informe do Xefe do Servizo de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor de **Control e Inspección Reglamentaria, S.L.** polo importe de 7.502,00€, da fra. Nº18 181, correspondente á inspección de atraccións de feira para as festas de San Roque 2018, con cargo á partida 920-22706. Así mesmo acórdase o reintegro á partida 920-22706 do importe de 248,05€, sobrantes.

PRP2018/4816

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda validar o gasto correspondente ó subministro de camisetas pola actividade Scooterada.

Acórdase así mesmo o recoñecemento de obrigación a favor de **Debora Fontenla Oliviera (Lamarka)** polo importe de 513,71€ (IVE incluído), da factura Nº 018 117 (REX. 18/7467), con cargo á partida orzamentaria 334-22609.

PRP2018/4817

